


As obras de ampliación do polígono comezarán en 2007

Nos primeiros meses do 2007 calcúlase que darán comezo as obras da segunda fase do polígono industrial da Madanela. Esta foi a conclusión á que se chegou no encontro mantido entre a delegada provincial de Vivenda, María Rodríguez, o presidente de Xestur, José Luís Barcia, e a alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez. Este mes Xestur, a sociedade pública que xestiona o solo industrial en Galicia convocará a adxu-

dicación das obras logo de que xa se concluíse a redacción do plan de actualización do polígono. O orzamento para a execución da segunda fase da área industrial melidense ascende a máis dun millón de euros. Coa ampliación do solo industrial, dotarase de máis de 100.000 novos metros cadrados de espazo aos industriais, unha cantidade que xa se cre insuficiente de antemán **P8**



A Plataforma anuncia novas mobilizacións

O colectivo Plataforma Autovía por Melide anuncia novas mobilizacións para as vindeiras semanas. Durante novembro mantivo reunións cos principais colectivos e asociacións que operan en Melide para expór-lles a situa-

*ción na que se atopa o cambio de trazado, e solicitar-lles a súa colaboración. A resposta dos colectivos foi o apoio total á Plataforma, á que animaron a convocar mobilizacións en Santiago e A Coruña **L5***

COMERCIO

Comeza a campaña O teu centro comercial está en Melide Dende o 1 de decembro e ata o vindeiro 8 de xaneiro, os 47 establecementos adheridos á iniciativa repartirán preto de 40.000 rifas entre os clientes do comercio melidense. Repartiranse máis de 6.200 euros en premios **P17**

Presentouse a tarxeta de fidelización para o comercio A empresa que porá en marcha a tarxeta de ASETEM-CCA explicou aos comerciantes o sistema **P17**

EMPRESA

ASETEM-CCA presentou a tarxeta de fidelización do comercio Unha vintena de comerciantes asistiron á presentación da tarxeta e amosaron o seu acordo coa iniciativa. En vindeiras reunións establecerase o baremo par o reparto de puntos **P16**

MELIDE


O concello destinará a aportación do POS ao arranxo de pistas e rúas Mellorarase o firme de 14 rúas melidenses, e arranxaránse 18 pistas do rural. O orzamento chega aos 336.380 euros, dos cales 16.830 aportaraos as arcas municipais **P9**

COMARCAS

Santiso terá un centro de día O pleno acordou entrar a formar parte do Consorcio de Servizos Sociais da Xunta para obter financiamento para o centro de maiores **P11**

Editorial

Dous anos cos lectores



Estamos en decembro, un mes importante para a Asociación de Empresarios Terra de Melide- Centro Comercial Aberto e, por extensión, para a comarca. Cerne cumpre dous anos achegando mensualmente a información da bisbarra a todos os veciños e veciñas das vilas, aldeas e lugares de Melide, Santiso, Toques e Sobrado.

Cerne naceu coa intención de achegar aos cidadáns da Terra de Melide a información á que por norma xeral non ten acceso. A intención

era ofrecer unha información completa do que se cocía en cada un dos catro concellos, do que afectaba aos veciños máis de preto, das historias culturais, xa sexan máis ou menos, e de todas as actividades que xurden dende ASETEM-CCA. Con maior ou menor acerto, pero sempre coa mellor intención, os sucesivos redactores de Cerne tentaron facer partícipes aos veciños da historia dos seus municipios.

Ainda que posiblemente moitos non daban un pat-

a día de hoxe non resulta extraño achegarnos a calquera aldea da comarca e atopar a calquera veciño lendo un exemplar. Cerne é xa unha realidade plenamente asentada e un proxecto que comparte ASETEM-CCA con todos os veciños da bisbarra.

Con dous anos editando mensualmente exemplares, só queda dicir que a Asociación de Empresarios Terra de Melide-CCA agarda soprar moitas máis candeas de Cerne con todos os seus lectores. Grazas a todos.

Cerne Terra de Melide

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta. 3.000 exemplares.

DIRECCIÓN: Lorena García Calvo

REDACCIÓN: Fran Grela e Lorena García Calvo.

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (A.S.E.T.E.M)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 Correo electrónico: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Xosé Domingos Fuciños, Vanessa Martínez Iglesias.

AGRADECEMENTOS: Jorge Sangiao, Mª Pilar López

IMPRESIÓN: Norprensa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne Terra de Melide non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

Tribuna de opinión

Unha campaña sólida

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

A defensa de Melide, dos seus veciños e dos seus intereses é un dos eixos sobre os que se fundamenta o traballo de todos os que formamos ASETEM-CCA. Este ano, por segundo consecutivo, ese traballo e esa defensa de Melide traducirase na organización da campaña de Nadal do comercio local O teu centro comercial está en Melide. Ás veces o traballo ten a súa recompensa, e todo apunta a que neste caso sera así. A campaña de Nadal deste 2006 nace co respaldo de 47 comerciantes e hostaleiros inscritos, a cifra máis alta rexistrada ata o de agora. Todo un récord que dende logo nos empurra a traballar. Outra das cifras que veñen parellas á campaña é o total de premios que se repartirán, e que este ano ascenden a 6.250 euros repartidos en 20 premios. Durante un mes e oito días todos os veciños e visitantes que fagan as súas compras de Nadal ou visiten os establecementos hostaleiros que participan en O teu centro Comercial está en Melide recibirán rifas para entrar no sorteo dos 20 premios. Un xeito de potenciar a fidelidade dos clientes de todo o ano e potenciar os comerciantes locais.

Dende ASETEM-CCA estamos convencidos de que a campaña que organizamos será un rotundo éxito tanto para os 47 comercios e locais que repartirán os premios, como para todos os clientes do pequeno comercio en Melide. Porque cando cada un de nós facemos unha compra no comercio da vila, ou acudimos aos locais de Melide, estamos a respaldar a nosa vila e poñendo o noso gran de area en prol do futuro do noso concello e da nosa comarca.

Por iso, dende ASETEM-CCA animamos a todos os veciños e veciñas da bisbarra a que fagan en Melide as súas compras de Nadal, e as súas compras de todo o ano. Porque mercando aquí, sairemos gañando todos. Non desaproveiten a ocasión, e visiten os establecementos adheridos á campaña O teu centro comercial está en Melide. E que haxa sorte para todos.



Rúa Rocamador, 2
Tfno.: 981 50 51 64
Fax: 981 81 54 66
FUCIÑOS RIVAS S.L. 15.800 MELIDE (A Coruña)

Quere estar informado todo o ano do que ocorre na Terra de Melide?

Subscríbase a Cerne chamando ao 981.506.188 e recibirá toda a información no seu fogar. Aló onde esté.

Máis apoio á música da Terra de Melide

GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE MELIDE

Un ano máis, disfrutamos durante cinco días coas actuacións de todos os grupos musicais que temos na nosa comarca. Foi unha semana chea de emocións e boa música que serviu para comprobar que a tradición musical da Terra de Melide está máis viva que nunca. A Coral Polifónica de Melide leva dezasete anos organizando esta semana da música, un escaparate onde xente maior, xente nova e moitos nenos e nenas case tan pequenos como as súas pandeiretas, encheron de vida e

alegría a Igrexa Parroquial de Melide.

Foron un total de once grupos musicais de Melide, Santiso e Sobrado, e algún músico de Toques polo medio, que demostraron que na nosa comarca hai un gran futuro musical. Sen dúbida algunha, a música serve para coñecer e querer máis ao teu País e, por iso, hai que prestar unha atención especial a todas as asociacións que loitan por manter o noso son e a nosa voz.

Por iso, o BNG considera que é unha obriga do

Concello de Melide apoiar economicamente a Froito Novo, Os Melidaos, O Castelo e a Axóuxere, entre outros, porque están facendo un enorme labor cultural e social. A verdade é que non entendemos porque ditos grupos non recibiron este ano nin un so euro das subvencións municipais. Pedimos un mellor reparto dos cartos públicos e que se atendan as necesidades das agrupacións musicais melidenses porque elas son o futuro, o futuro musical da Terra de Melide.

Espazo reservado para o Partido Popular

Ao igual ca en números anteriores, Cerne está aberto ás colaboracións e opinións do Partido Popular de Melide. O grupo municipal popular ten o seu oco nestas páxinas, e agardamos que en vindeiras edicións teñen a ben aproveitar esta oportunidade.

Os responsables da edición deste xornal lamentamos o choque estético que poida provocar este espazo e agardamos poder incluír pronto a voz do partido maioritario na vila para que expoña a súa opinión sobre os temas de actualidade que se suceden no municipio.

Ata entón, pedimos desculpas aos lectores de Cerne por este imprevisto.

Cerne. Terra de Melide.

Algo de paciencia

AGRUPACIÓN SOCIALISTA DE MELIDE

Dende fai uns días circulan certos rumores por Melide, con respecto a autovía Lugo-Santiago. Rumores sen fundamento nin sentido, vertidos por certa xente sen coñecer a realidade da verdade.

Dende o Grupo Municipal Socialista non podemos dar crédito a unha serie de comentarios que están circulando pola Vila de Melide, saídos de voces con certo animo de protagonismo que o que pretenden e crear incertidume e desconfianza na xente do noso pobo. Voces

que o que queren é estar no candeiro sen importarlles o mais mínimo a AUTOVIA, esta úsana como medio de demagogia e parafarnalía, dado que o pretenden conseguir é estar en primeira liña de saída, cando en realidade o que mellor fan, e con eficacia, é u seu traballo alleo a este tema.

Polo tanto nos os Socialista de Melide pedimos paciencia, unha paciencia que non será eterna, si non, que será de certa vixilancia, según vaia percorrendo o tempo e se vaian desexando as

dúbidas que vaian xurdindo. A nos os Socialistas gustaríanos que xa estiveran as pas traballando na autovía, como a maioría da xente, e aínda mais, gustaríanos que xa se puidera circular por ela.

Pero todos temos unha pequena noción do que son as obras públicas que sempre teñen retraso sobre retraso, pero o normal é que se chegue a un final feliz. Como nos estamos seguros que vai a suceder aquí coa autovía LUGO-SANTIAGO, con toda seguridade.

**Anúnciate
en Cerne**

**Chama ao
981.506.188
e infórmate
sen
compromiso**

HC
Hotel Carlos '96

RESTAURANTE
CAFÉ - BAR
BODAS / BANQUETES
COMIDAS DE EMPRESAS

Tfno.: 981 50 76 33
Fax: 981 81 53 12
Avda. de Lugo, 119
15800 MELIDE (A Coruña)
e-mail: hc96@wanadoo.es



**Joyería
Oro Ley**

Taller Propio

**Rúa San Pedro, 14
15800 MELIDE
(A CORUÑA) Telf.: 981505468**

Socorro Cea e Manuel Prado repiten como cabezas de lista de BNG e PSOE en Melide

Os partidos locais elixen candidatos

*Unha candidatura
pertencente a
Cidadáns de
Galicia concurrirá
ás municipais*

Con menos de medio ano por diante antes das vindeiras eleccións municipais, os partidos políticos do municipio destapan as cartas e presentan aos que serán os seus candidatos. No último mes as asembleas do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista Obrero Español de Melide fixeron a súa elección, que a nivel práctico se traduciu en ratificar a confianza depositada nos candidatos desta lexislatura. Así, Socorro Cea será novamente a candidata do BNG, ao igual que Manuel Prado que repite como cabeza de lista do PSOE.

Bloque Nacionalista Galego e PSOE contan na actualidade con catro e dous concelleiros respectivamente, fronte aos sete que ten o Partido Popular.

Nova formación

Amáis de PP, BNG e PSOE, nas vindeiras eleccións municipais o arco político melidense amplíase coa presentación dunha nova candidatura. O partido dos Cidadáns de Galicia, unha formación recentemente fundada e que presentará candidatura en Melide. O novo partido presentarase oficialmente para toda Galicia o vindeiro día 15 en Melide, pero descoñécese se xa se dará a coñecer ao seu candidato para as municipais, ou a confección da lista.

Ao peche desta edición o Partido Popular de Melide aínda non fixera público o nome do candidato que presentará como cabeza de lista para as vindeiras eleccións municipais.

Socorro Cea Vázquez, BNG

A actual voceira do Bloque Nacionalista Galego en Melide, Socorro Cea, será a candidata do seu partido á alcaldía de Melide. A asemblea local do BNG elixiu por unanimidade á deputada para encabezar a lista nacionalista de cara aos vindeiros comicios.

Cea entrou a formar parte das listas do BNG no ano 1999 cando foi no posto número cinco da candidatura. Nas seguintes eleccións municipais xa foi de cabeza de lista colleitando o Bloque catro edís. Aos poucos meses Cea foi elixida depu-

tada provincial, e na actualidade é voceira do BNG na Deputación. É membro do Consello Nacional e da Executiva Nacional do BNG, os órganos máximos de dirección do Bloque integrados por 15 membros.

Logo da elección da candidata, o BNG amosaba a súa confianza en que *os nacionalistas gobernarán o concello*. Cea indicou ademais que *agarda que nas vindeiras eleccións non se engane novamente á cidadanía presentando cabezas de lista que dimiten ao pouco*.

Manuel Prado Puga, PSOE

Manuel Prado Puga, actual voceiro do PSOE no concello de Melide encabezar a lista socialista de cara ás vindeiras eleccións municipais que se celebrarán no mes de maio.

Prado foi respaldado como candidato polo 90% dos integrantes da agrupación local socialista nunha asemblea extraordinaria celebrada o 25 de novembro. Prado é voceiro do PSOE en Melide dende o inicio da presente lexislatura. Esta será a segunda ocasión na que Prado Puga se presente

como candidato á alcaldía melidense.

Segundo indicaron os socialistas, enfocan os vindeiros comicios *esperando que en estas eleccións do 2007 sexan as forzas progresistas as que alcancen a maioría da próxima corporación melidense*.

O Partido Socialista melidense colleitou nas últimas eleccións municipais os votos suficientes para dous escaños, o que ocupa o propio Prado Puga como voceiro, e o de María Jesús Iglesias.

Cidadáns de Galicia

O pasado 22 de setembro rexistrouse un novo partido político, Cidadáns de Galicia, unha formación que se define de centro galeguista que nace con vocación autonómica, e que presentará candidatura ás vindeiras municipais en Melide. Adolfo Reymóndez Collazo é o fundador e presidente de Cidadáns de Galicia. Médico de profesión, Reymóndez exerceu, entre outros postos, como subdirector do Hospital Clínico

de Santiago. O seu primeiro destino como facultativo foi Toques no ano 1983, e na actualidade é médico de familia en Ordes.

Reymóndez afirma estar moi vencellado á Terra de Melide, e esta unión traducirase na presentación de Cidadáns de Galicia a nivel autonómico en Melide o vindeiro día 15 de decembro ás 21.00 horas no restaurante Sony. Ese día, según Reymóndez, *daremos o pistoletazo de saída*



ao novo partido para toda Galicia dende Melide.

Cidadáns de Galicia presentará candidatura en Melide nas vindeiras eleccións, se ben Reymóndez aínda non clarexa quen encabezar a candidatura. O político afirma ademais que están a traballar en toda a comarca.

Definición

Cidadáns de Galicia defínese como un partido de centro galeguista que defende as costumes, a tradición e a lingua, pero que non fai

desta unha bandeira excluínte. Reymóndez califica a nova formación como *un partido transversal no que teñen cabida os de centro esquerda e centro dereita*. Subliña que Cidadáns de Galicia non é sectario nin excluínte, e que o que pretende é *trasladar as institucións á rua. Queremos ser unha correa de transmisión dos cidadáns*, afirma, e para iso, confía na xuventude, nas mulleres e na xente que nunca tivo a oportunidade de traballar en política.



A Plataforma reclama Feitos Xa nos carteis que repartiu por toda a comarca

Autovía por Melide anuncia novas mobilizacións

A Plataforma advirte que o trazado non está garantido

O colectivo convocará este mes unha asemblea xeral para tratar cos veciños o paso da vía Santiago-Lugo pola vila

A Plataforma Autovía por Melide continúa traballando polo pase da autovía Santiago-Lugo preto da vila. O colectivo incidiu na súa última reunión na necesidade de transmitir á cidadanía a idea de que o cambio de trazado aínda non está acadado, e que ata o momento non hai ningún documento que faga pensar que se conseguiu a modificación. Segundo indicou o gabinete da Alcaldía de Melide, o pasado 21 de novembro celebrouse unha xunta dos voceiros dos tres grupos políticos do municipio no que a alcaldesa, Ánxeles Vázquez, transmitiu aos voceiros a oposición as conclusións sacadas do encontro co Director Xeral de Recursos Naturais e con técnicos de Demarcacións de estradas. Segundo indican dende o Concello, a rexedora dixo que Medio Ambiente enviou a Estradas o 30 de maio un informe que o Ministerio de Fomento non entende como válido para continuar coa tramitación

administrativa da vía de alta capacidade. Engaden ademais dende o Concello que Vázquez expuxo na reunión que primeiro sería precisa a aprobación do PORNA, ao cal, segundo sosteñen dende a Alcaldía, se nega Medio Ambiente. Así, Fomento debería iniciar novamente procesos administrativos que xa se deran.

Os voceiros dos partidos políticos acordaron na reunión solicitar unha entrevista co conselleiro de Medio Ambiente, co Director xeral de Rexursos Naturais e cos técnicos de Fomento.

Precaución

A Plataforma pola Autovía coincide cos grupos políticos en que é precisa cautela respecto ao paso da vía polo municipio, e lembra que en ningún documento consta que o trazado esté logrado. O colectivo incide na necesidade de que os cidadáns se conciencien de que o cambio de ruta aínda non se acadou, e que é

esencial que todo o pobo de Melide esté unido para loitar polo paso da vía polo municipio.

Ao tempo, a Plataforma esixe responsabilidade aos partidos políticos de cara a manter informados aos veciños e a implicarse de xeito activo na loita polo trazado.

Asemblea

A Plataforma Autovía por Melide, está a programar para o mes de decembro unha nova asemblea xeral na que convocará a toda a cidadanía melidense. A intención do colectivo é transmitirlle aos veciños a situación na que se atopan os trámites administrativos respecto ao cambio de trazado, e decidir de xeito conxunto novas actuacións.

A Plataforma anuncia novas mobilizacións en vindeiras semanas nas que o colectivo esixirá de xeito rotundo o cambio de trazado da autovía Santiago-Lugo ao seu paso por Melide.

RESPALDO DOS COLECTIVOS

Durante todo o mes de novembro os membros da Plataforma Autovía por Melide mantiveron distintos encontros cos colectivos e asociacións que operan no concello de Melide para expórllas a situación na que se atopan os trámites para o cambio de trazado, e pedirllas o seu respaldo de cara a novas accións e mobilizacións.

En sucesivas xuntanzas, a Plataforma reuniuse coa asociación de Troiteiros Río Furelos, coa comisión dos empresarios do Polígono de ASETEM-CCA, coa comisión da construción, co Club Ciclista Melidense, coa asociación de Catasol, co Motoclub Melide e co colectivo Froitonovo, entre outros.

A práctica totalidade dos colectivos citados amosaron nas reunións o seu respaldo incondicional á Plataforma e á defensa dos intereses de Melide e dos seus veciños e veciñas.

Amáis de ofrecer os seu respaldo, os colectivos e asociacións cos que se entrevistou a Plataforma, amosáronse partidarios de optar por mobilizacións en Santiago de Compostela e A Coruña, argumentando que a cidadanía melidense xa está concienciada da necesidade de loitar polo paso da autovía polas proximidades da vila.

Dende a Plataforma, agradeceu-se a todos os representantes dos colectivos o seu apoio por entender que o respaldo social dos melidenses é fundamental para conseguir o cambio de trazado.



O pleno instou á Deputación a asumir as reparacións, ou remítalas á construtora

Os problemas na cuberta poderían obrigar ao peche da piscina

Melide é o único municipio da zona que incrementa 15 taxas e impostos

A Alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, anunciou no último pleno ordinario o posible peche da piscina climatizada de non arranxarse os problemas que subsisten na cuberta do edificio. O pleno da corporación acordou por unanimidade instar á Deputación da Coruña a encargarse dos desperfectos da construción, ou, no seu caso, requirir o arranxo das instalacións á empresa construtora.

Segundo indicou Vázquez no último pleno, lonxe de arranxarse os problemas de goteiras e humidades do edificio, empeoraron, e as filtracións de auga están a ocasionar o ennegrecemento das paredes, o levantamento do parqué, así como danos na instalación eléctrica. O pasado mes de maio o Concello xa remitira á Deputación un escrito solicitando o arranxo das instalacións. Daquela o organismo provincial elaborou un informe técnico no que se apuntaba a un incorrecto mantemento das instalacións como causa dos desperfectos. Nembargantes, dende o Concello apúntase a un problema de construción da

edificación amparándose nun informe municipal no que se apunta a un defecto de construción que non se subsanou coas reparacións ata o de agora efectuadas. Mentras, a empresa concesionaria da piscina xa se puxo en contacto co Concello para solicitarlle que se arranxaran canto antes as instalacións. O mes pasado a empresa xestora ordeou levantar un acta notarial para deixar constancia das deficiencias nas instalacións.

Suba dos recibos

O último pleno de Melide tamén serviu para que o grupo de goberno local sacara adiante a modificación das ordenanzas para o 2007. Melide será o único concello da zona no que subirán 15 taxas e impostos. En concreto subirán as taxas dos vados en garaxes, o cemiterio municipal, o velorio, o conservatorio de música, a escola infantil, a expedición de documentos e licencias urbanísticas, vivendas comunitarias, mesas e sillas na rúa, apertura de establecementos, e recollida de lixo, entre outras. Tanto os concelleiros do BNG como do PSOE vota-



A piscina pode pecharse se non se subsanan as deficiencias

ron en contra do incremento das taxas ao entender que graban en exceso ao cidadán. O grupo de goberno algeou que se trata só da aplicación da suba do IPC, e non un incremento nos impostos. Este argumento non satsifixo aos grupos da oposición que afirmaron non entender porqué se escolleu o 4,2% do IPC, e non outro índice máis baixo.

Dende o BNG denuncian ademais que Melide é o único concello da comarca no que suben os impostos, que no caso do lixo, pasará a ser de 64,60 no casco urbano, e de 48,97 no rural.

O Concello non se integra no Consorcio de Servizos

O Bloque Nacionalista Galego levou ao último pleno unha moción na que solicitou a adhesión do concello ao Consorcio de Servizos Sociais creado por Vicepresidencia, ou no caso de ser rexeitada a proposta, que a Alcaldía ofrecese alternativas. O grupo de goberno rexeitou a moción alegando, entre outros motivos, falta de claridade no novo organismo. Así mesmo, o grupo de goberno melidense apuntou que xa está a facer xestións para conseguir poñer en funcionamento a residencia da terceira idade do municipio.

As melloras en Furelos coparán o Plan de Turismo

O grupo de goberno de Melide quere destinar á praia fluvial de Furelos os arredor de 120.000 euros que o Plan de Turismo da Deputación e da Xunta aprobará para o municipio. Así llo fará saber o Concello á Deputación da Coruña na proposta que lle remitirá ao organismo provincial.

A intención do concello de acondicionar a área recreativa de Furelos súmase ás solicitudes que distintos organismos ve-

ñen facendo dende hai tempo esixindo melloras, como é o caso de ASE-TEM-CCA ou o colectivo de Troiteiros Río Furelos, así como os grupos políticos da oposición.

A proposta de mellora da área fluvial do río Furelos presentada polo concello melidense podería incluír un paseo fluvial, unha nova piscina, así como a recuperación da zona verde e da área de baño.

net.
informática

- VENTA DE ORDENADORES
- SERVICIO TÉCNICO PROPIO
- PROGRAMAS PARA EMPRESAS
- REDES E INTERNET
- CURSOS DE INFORMÁTICA

Teléfono e Fax: 981 50 53 08
Avda. de A Habana, 35
15800 Melide (A Coruña)
info@netmelide.com



Horario:
de Martes a Venres:
Mañanas de 9 a 13
Tardes de 15.30 a 20
Sábados: 9 a 21


Tel. Reservas:
981 506 993
617 178 756

e-mail: a.contrapalo@telefonos.net
Melide
Roda. de Lago. 2-1º

**Anúnciate
en Cerne**

**Chama ao
981.506.188
e infórmate
sen
compromiso**

UN PUNTO DE ENCONTRO NA RUTA MÁIS VIVA DE EUROPA



EN BREVE

Reanudan o pintado da Ronda de Pontevedra | A pesar da negativa dos veciños, a última semana de novembro procedeuse a retomar as labores de pintado da AC-840 ao seu paso por Melide, no tramo da Ronda de Pontevedra.

O BNG cualifica de fracaso e despilfarro o Museo Virtual do Camiño de Santiago | O grupo municipal nacionalista vén de presentar un escrito no concello no que reclama información arredor do funcionamento e número de visitantes do Museo Virtual do Camiño de Santiago. Segundo indicaron os nacionalistas, logo de catro anos aberto, o museo é só un espazo cheo de vitrinas nas que só se poden ver fotografías e maquetas de escaso interese. O BNG cualifica de derroche de cartos o investimento que requeri a obra, e subliña que se trata dun rotundo fracaso pois é rarísimo atopar un visitante no mesmo. O BNG critica ademais que o goberno melidense conceda tan só 500 euros anuais ao Museo da Terra de Melide mentras que gastou 200.000 euros en crear o museo virtual.

O PSOE pide ao Concello que a empresa concesionaria desatasque os sumidoiros | O grupo municipal socialista de Melide presentou unha moción no Concello pedindo ao grupo de goberno que inste á empresa concesionaria do servizo de augas a desatascar os sumidoiros da vila. Segundo os socialistas, nas últimas semanas os veciños da rúa Amador Rodríguez, tiveron numerosos problemas por mór da obstrución da rede de saneamento.

Os socialistas piden mellores na zona da rúa Alcalde Manuel Pampín Prado | O grupo municipal socialista presentou unha moción na que solicita o arranxo e acondicionamento do xardín situado na rúa Pampín Prado dado o estado no que se atopa.

Día contra a violencia de xénero | O pasado 25 de novembro celebrouse o día contra a violencia de xénero. Os plenos de Melide e Santiso sacaron adiante mocións en contra desta lacra social.

Xestur convocará a adxudicación das obras este mes

A ampliación do polígono da Madanela comezará nos primeiros meses de 2007

O orzamento para a execución da segunda fase ascende a 1.017.195 euros

A ampliación do polígono industrial da Madanela dará comezo nos primeiros meses de 2007. Xestur convocará a adxudicación das obras este mesmo mes, segundo se concretou no encontro mantido entre a delegada provincial de Vivenda, María Rodríguez, a alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, e o presidente de Xestur, José Luís Barcia. Na xuntanza, Vázquez recibiu a actualización da segunda fase do polígono industrial, un documento preciso para poder acometer as obras dado que o proxecto de urbanización inicial quedara obsoleto.

O presidente de Xestur, José Luís Barcia, xa anunciara na cea anual de ASE-TEM-CCA a intención do seu departamento de redactar canto antes o proxecto



O polígono incrementará en máis de 100.000 metros cadrados a súa superficie

de actualización do polígono para poder sacar a concurso a adxudicación das obras da área para a súa posterior construción.

Investimento

O orzamento que se destinará á ampliación do polígono melidense ascende a 1.017.195 euros dos que o concello aportará 212.790 euros que se empregarán

para a construción dunha depuradora de residuos industriais.

A nova ampliación dotará ao polígono industrial de Melide de máis de 100.000 novos metros cadrados de chan, unha superficie que non resulta suficiente para satisfacer a demanda existente.

Parella á execución da segunda fase da área indus-

trial melidense desenvolveranse traballos de mellora do sistema eléctrico e da rede de telefonía fixa, dous servizos que as empresas ubicadas na Madanela non reciben en boas condicións e que provocou que dende ASETEM-CCA se remitisen requerimentos ás correspondentes empresas que suministran os servizos.

A Deputación destina 65.600 euros de subvención para a xira 2007 da Sinfónica de Melide

A Deputación da Coruña vén de aprobar unha subvención de 65.600 euros para a Orquestra Sinfónica de Melide que se destinará a financiar a xira 2007 que a formación está a preparar.

A deputada provincial Socorro Cea foi a encargada de facer pública a aprobación da subvención para a Orquestra Sinfónica de Melide logo de ser aprobada pola Comisión de Economía da Deputación, e máis tarde aprobada en pleno. Segundo indicou a voceira do BNG na Depu-

tación, con esta axuda amósase o compromiso do goberno provincial coa *actividade dos nosos músicos e creadores*.

A nova xira que a Orquestra Sinfónica de Melide que dirixe Fernando Vázquez Árias levará o título de *Música sinfónica galega e universal*. Aínda que a xira aínda non está pechada, a Sinfónica de Melide actuará en auditorios como o Palacio da Ópera da Coruña, o Auditorio de Galicia de Santiago e o restaurado Teatro Jofre, na cidade de Ferrol.

Melisanto recibe 17.000 euros de subvención da Deputación para o seu proxecto Horta

A cooperativa Melisanto recibirá 17.000 euros da Deputación da Coruña que empregará para a adquisición de envases para o proxecto Horta que está a desenvolver, e para a adquisición dunha máquina acolchadora, plantas e material para ensaios e experiencias. En concreto, Melisanto destinará 9.000 euros á compra e envases, e empregará os outros 8.000 euros na adquisición do material restante.

O proxecto Horta é unha iniciativa posta en marcha

por Melisanto en 2005 e que consiste na súa implicación nun proxecto de semente, colleita e comercialización de produtos hortícolas de máxima calidade. Máis dunha ducia de socios do colectivo xa participan na iniciativa, que continúa ampliándose.

Fungocerga

O Sat Fungocerga, da parroquia de Xubial, tamén percibirá unha axuda de 5.000 euros para o cultivo e comercialización de cogomelos.

O pleno acordou construír unha praza para a aterraxe de helicópteros

Melide destinará o POS provincial ao arranxo de rúas e pistas

O concello de Melide destinará a partida do Plan de Obras e Servizos 2007 da Deputación ao arranxo de 14 rúas e 18 pistas no rural. Así o acordou o pleno melidense, que remitirá os distintos proxectos á Deputación para ser aprobadas no pleno provincial e a continuación ser executadas as obras nun prazo máximo de catro meses.

Amáis do arranxo das pistas e rúas, a partida de 320.000 euros da Deputación investirase na construción dunha praza circular de 12 metros de diámetro para a aterraxe do helicóptero de urxencias na rúa Ourense.

O orzamento total das actuacións ascende a 336.830 euros dos que 16.830 aportaraos o Concello. En total, as obras de mellora que se levarán a cabo nas 14 rúas da vila



Nas proximidades do ambulatorio construírase a pista para o helicóptero

requerirán un investimento de 168.000 euros.

Arranxos

As rúas que se beneficiarán do Plan de Obras e Servi-

zos da Deputación serán, entre outras, a Doutor Fleming, na que se arranxará o firme, a Rocamador e a Camiño Real.

Tamén se incluírán as rúas

Sabián, Pilar, Circunvalación Campo da Feira, Rañado, Emilio Camps, Ben Cho Sei, Martagona, Xoán XXIII e Pastor Barral.

O goberno veta a presenza da oposición na radio municipal, sostén o BNG

O grupo de goberno de Melide rexeitou unha moción presentada polo BNG na que se solicitaba que na Radio Municipal se dese lectura aos comunicados de prensa do Bloque. Tamén rexeitou o grupo de goberno a petición de que Radio Melide fixese unha vez ao mes unha entrevista a cada un dos voceiros dos partidos. O grupo de goberno alegou que se en Radio Melide non dan lectura aos comunicados do BNG é porque as locutoras non os consideran de interese, un argumento que en nada satisface á oposición, que sostén que os comunicados do BNG non chegan ás mans das locutoras, pois son *vetados previamente pola Alcaldía*.

A voceira do BNG, Socorro Cea, afirma que a alcaldesa exerce unha censura total na emisora.

O desván do Cerne

Véndense cachorros de pastor alemán. Naceron o día 20. Os interesados poden chamar ao: Telf. 680.445.872

Véndese Honda CBR RR900 negra seminova. Prezo a convir. Os interesados chamen ao 647.938.825

Véndense tresillo (sofá de tres prazas e dous de unha) en bo estado. Os interesados poden chamar ao: 606.844.969

Véndense Renault Laguna 2000 inxección. Cor verde metalizada. Bo prezo. Chamar ao: 659.367.860

Véndense sofás de tres e dúas prazas en bo estado, e mesa de televisión de madeira. Os interesados chamen ao: 606.844.969

Véndese cláisco Simpa 1.200 LS do ano 1979. Moi bo estado xeral, e con moitos recambios. 1.000 euros. Chamar ao: 686.188.954

MYH NOR
MORTEROS Y HORMIGONES

CENTRAL:

Fernando González nº 4 - 3º Dcha
15004 A CORUÑA

Tel: 981 173 616 Fax: 981 602 120



PLANTA LA CORUÑA

Ctra. La Coruña - Corballo, km. 3
15008 A Coruña

Tel: 981 294 297 Fax: 981 294 297

PLANTA MONTESALGUEIRO

Ctra. Nacional VI, km. 555
Aranga - A Coruña

Tel: 981 789 338 Fax: 981 789 338

PLANTA MELIDE

Pol. Industrial Madanela, parc. 30
Melide - A Coruña

Tel: 981 507 891 Fax: 981 507 891

AUTOCONTROL DE CALIDAD CON SUPERVISIÓN EXTERNA

Os traballos de acondicionamento da embarcación prolongaranse un mes

A barcaza de Portodemouros poderá transportar ata 20 toneladas

A barcaza que cruza o encoro de Portodemouros e que une as parroquias de Beigondo, en Santiso, e Loño, en Vila de Cruces, incrementará ata 20 toneladas a súa capacidade de transporte. Unión Fenosa e os veciños afectados chegaron a un acordo para incrementar a capacidade da barcaza que, dende hai anos tiña limitada a súa capacidade de carga a cinco toneladas.

Segundo figuraba na concesión do embalse, a barcaza debía garantir unha capacidade de transporte de ata quince toneladas, pero este extremo veuse incumprindo nos últimos anos. Agora, co novo acordo, Unión Fenosa non só

cumple o acordo, senón que incrementa en cinco toneladas máis das acordadas a capacidade de transporte. Dentro do novo acordo entre afectados e Unión Fenosa, a compañía tamén se comprometeu a aumentar as dimensións da barcaza ata os 13 metros, cando agora non chega aos 8 metros.

Adaptación

Para adaptar a barcaza ás novas dimensións e capacidades que terá, será preciso efectuar unha serie de modificacións na embarcación que poderían prolongarse arredor dun mes. Durante este tempo, a barcaza non dará servizo aos veciños, que se verán na



A barcaza xa se está adaptando ás novas dimensións

obriga de percorrer o traxecto de arredor de media hora por estrada que separa

as dúas parroquias. O servizo normalizarase o 8 de xaneiro.

A Deputación concede 5.000 euros a dúas asociacións agrarias de Sobrado

A Asociación Empresas Servicios Agrícolas de Sobrado recibirá 4.000 euros da Deputación da Coruña para a posta en marcha dun programa de xestión de custes de maquinaria agrícola. Esta axuda súmase á que concedeu o organismo provincial á Asociación Vexetal de Sobrado por cuantía de 1.000 euros que se destinará á realización dun curso de prevención de riscos laborais.

As axudas foron concedidas pola área de Promoción económica, e Emprego e Turismo da Deputación provincial da Coruña.



Presentan en Melide un seminario sobre turismo

Melide foi o lugar escollido para a presentación dun seminario internacional sobre turismo accesible no medio rural. Iniciouse o 22 de novembro e prolongouse ata o

día 24. Amáis de en Melide, os participantes no seminario internacional trasladáronse ata o encoro de Portodemouros para analizar o estado da cuestión.

Chorén segue sen rede de saneamento seis anos despois de solicitala

Os veciños de Chorén, en Santiso, continúan sen rede de saneamento case seis anos despois de que rexistrasen un escrito no concello solicitando a construción da rede de sumidoiros. Os afectados afrontan un inverno máis queixándose da falla do servizo básico, e criticando os problemas hixienicosanitarios e medioambientais que a falla dunha depuradora e dunha rede de sumidoiros acarrea. Nos últimos días reiteraron o seu malestar polo que consideran un abandono das distintas administracións.

Á solicitude da rede de saneamento sucedérona diversas queixas nas que os veciños tentaron apremiar ao Concello para solucionar canto antes o problema. No ano 2004, e logo de diversas acusacións entre



A depuradora ubicarase nunha masa común

veciños e alcalde pola futura ubicación da depuradora, os afectados e o concello chegaron ao acordo de ubicar a estación nunha masa común da concentración parcelaria que non perxudicaba aso veciños. Foi daquelas cando se indicou dende o concello que o equipo técnico municipal finalizara xa o proxecto iniciado catro anos antes.

Mesmo se adiantou o investimento que sería necesario para acometer a rede de saneamento e as obras de canalización dos residuos, que ascenderían a 118.947 euros que debería aportar a consellería de Medio Ambiente.

A pesar disto, case dous anos despois, os veciños continúan sen rede de saneamento nin depuradora.

Villar reuniuse con Quintana para pedirlle financiamento a Vicepresidencia

O pleno de Santiso da luz verde á construción dun centro de día

Os edís aprobaron por unanimidade a adhesión ao Consorcio de Servizos Sociais

A corporación de Santiso aprobou por unanimidade no último pleno dar luz verde á solicitude dun centro de día para os maiores do municipio. O acordo plenario adoptouse, a proposta do grupo de goberno, logo de que o alcalde, Ramón Villar se entrevistara a semana anterior co vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, para solicitarlle o respaldo da Vicepresidencia para construír o centro. Segundo explicou Villar, logo de visitar o centro de día que xa está operativo en Boimorto, solicitou a entrevista co Vicepresidente da Xunta, que lle amosou a disposición da Vicepresidencia a financiar o centro de día para Santiso unha vez o concello se integrase no Consorcio de Servizos Sociais. A ratificación plenaria da entrada de Santiso no Consorcio foi precisamente o visto bo que



Villar mantivo unha reunión con Quintana para solicitar a Vicepresidencia o centro de día

tiveron que dar os concelleiros para poder tramitar a solicitude do centro de día a Vicepresidencia. A concelleira socialista, Inés Cagide, preguntou cales eran as contrapartidas para o concello da entrada no Consorcio, unha pregunta

que tivo como resposta *non vos poñades a mirar iso, se hai que pagar algo, págase*, en palabras do alcalde. Ademais de garantir a entrada de Santiso no Consorcio, Villar transmitiulle a Quintana a disposición do concello a ofrecer

15.000 metros cadrados para construción do centro. No pleno, Villar evitou dar datos concretos do centro, pero deixou caer no seu encontro co vicepresidente que, Quintana *creo que incluso falou de 400.000 euros*, dixo o alcalde.

Melloras en estradas e o abastecemento de Chaín copan as partidas do POS

Os máis de 187.000 euros que a Deputación acordou destinar a Santiso dentro do Plan de Cooperación de Obras e Servizos destinaranse a melloras en estradas e ao abastecemento de augas de Chaín. O pleno aprobou as catro actuacións propostas polo grupo de goberno: o abastecemento de augas a Chaín, cun orzamento de 76.559 euros; a corrección de curvas da estrada que une Arzúa e Santiso, e que está orzamentada en máis de 41.000 euros. Trátase da eliminación das curvas de Arcediago, Porto Santiso e a que se sitúa fronte ao cemiterio de Rairiz. O arranxo de camiños na zona de Belmil,

Pezobre, e Visantóna terá un orzamento de máis de 37.000 euros, mentras o ensanche da estrada que une Belmil e Pezobre contará con máis de 33.000 euros.

A edil socialista, Inés Cagide, votou a favor das propostas pero lembrou ao alcalde a necesidade de convocar xuntas de voceiros para tratar cuestións que se poidan consensuar antes de ir a pleno.

Pola súa banda Ovidio Leiva cualificou como *despilfarro* o investimento nos abastecementos de auga a través de pozos de barrena, e coincidiu con Cagide en urxir a construción dunha traída de augas municipal.

O concello instará a Sanidade a dotar doutro médico os dous ambulatorios municipais

O pleno acordou por unanimidade instar á Consellería de Sanidade a dotar dun segundo médico ao concello. Ovidio Leiva trasladou os problemas que está a haber no concello por mor da falta de médicos. Segundo o concelleiro, *o servizo atópase saturado porque só se conta cun médico que fai incluso máis horas das que debe*, un extremo no que coincidiron todos os edís.

O pleno acordou que o alcalde manteña unha reunión coa delegada provincial para trasladarlle os problemas que afectan aos pacientes de Santiso, solicitando á Consellería un segundo médico. A

concelleira socialista informou ao pleno de que xa trasladara a situación do Concello á delegada, e de que estaba pendente de que a responsable provincial confirmara a visita a Santiso.

Tamén expuxeron os concelleiros a necesidade de asegurarse de que o servizo que prestan os facultativos sexa adecuado e respectuoso cos pacientes.

Cartillas insuficientes

Aínda que o Concello solicitará a incorporación doutro médico, os edís son conscientes de que será difícil logralo posto que non se conta con cartillas sanitarias suficientes para dous doutores.

O SOL

LORENA GARCÍA CALVO

A política en Santiso

OS PLENOS en Santiso son, cando menos, entretidos. A gran dialectica quédase ás portas do salón do que colgan os alcaldes que presidiron a corporación, e o pragmatismo extremo apodérase do control ata límites case inimaxinables. E é que en Santiso a política enténdese á vella usanza. Non hai espazo para disertacións nin ideólogos. Apurando ao extremo, case nin ideoloxías.

O somos veciños, coñecemos todos prevalece nas sesións, e nótase á hora de explicar as obras que se acometerán co POS, que comezarán á altura de *donde tes ti o prado aquel*, ou onde *verdadeira a tenza o teu curmán*. A discusión, a sana discusión, pasa a un segundo plano ante a obviedade do pragmatismo máis feroz.

Modifícase o proxecto do campo de fútbol de herba artificial

A corporación ratificou no último pleno a modificación da solicitude de Santiso no plan de campos de fútbol de herba artificial da Deputación. Segundo indicou Villar, o proxecto remitido ao organismo provincial precisou algunhas modificacións, que unha vez feitas, tiveron como resultado un proxecto con menor investimento. O custo da actuación solicitada á Deputación queda en 348.143 euros, dos que o concello deberá aportar 52.221 euros.

Violencia de xénero

O pleno sacou adiante unha moción presentada por Inés Cagide contra a violencia de xénero.

O teu centro comercial está en Melide

Confecciones Álvarez	1 premio de: 1500 euros	Joyería Oro Ley
Mobles Ares		Floristería Tarrío
Electrotel 2000		Muxica Tenda xoven
Decoraciones Anmi	1 premio de: 1000 euros	Perfumería Lyss
Joyería Silvela		Silvia Novias
Net Informática		O Refaixo
Muebles Paula Traspome	3 premios de: 500 euros	Frutas Gallego e Hijos
Casa das Luces		Cafetería Ivory
Kandela Moda		Pulpería Alongos II
Óptica Abal		Hogar del Mueble
Centro Comercial Ares	Perruquería A Contrapelo	Recambios Ángel

Campaña organizada por ASETEM-CCA

O teu centro comercial está en Melide

Imprenta Meligraf

Melligas

Decoraciones Sito

Tintorería Iris

Panadería Tahona

Supermercados Gómez

Mercería Marvi

Hotel Carlos 96

Pulpería A Garnacha

Woman Moda

Ribeirao S.L.

5 premios de:

250 euros

10 premios de:

100 euros

Campaña do 1 de decembro ao 9 de xaneiro. O sorteo dos premios será o 8 de xaneiro na sede de ASETEM-CCA

Estética Sun-Si

Laia Zapateiros

Clínica Fisio-Vida

Neumáticos Seijas

Pescados Abel

Calzados Romero

Carnicería Carlos

Imprenta Ayude

Librería Vitorio

Modas Manuel

Calzados Broz

Calzados Conde

Joyería Roval

Campaña organizada por ASETEM-CCA

O concello deu conta ao pleno da entrada no Consorcio de Servizos

O arranxo de camiños e vías copa a maior parte das axudas do POS en Toques

O pleno da corporación do concello de Toques deu, o último día de novembro, o visto bo á solicitude de actuacións para o Plan de Obras e Servizos (POS) da Deputación 2007. O grupo de goberno presentoulles aos edís da oposición cinco actuacións concretas que se aprobaron co apoio do grupo de goberno e do edil de Independentes, que subliñou, sen embargo, que de gobernar logo das vindeiras municipais, abrirán un prazo para que os distintos grupos políticos poidan facer suxestións en vez de someter directamente a votación as obras marcadas polo grupo de goberno.

A meirande parte dos 158.899 euros que a Deputación acordou destinar a Toques servirán para o acondicionamento e pavimentación de pistas e camiños. Con máis de 32.000 euros está dotado o arranxo do camiño de Paradela e outros, e con



Ares fixo valer a maioría do seu grupo para aprobar todas as mocións presentadas

máis de 31.000 o camiño Cabana Igrexa e outros. Para o acondicionamento do camiño a Prados e Montelén e outros o concello orzamentou 33.431 euros, mentres que máis de 36.000 se destinarán a unha pavimentación en Montelén. O restante, máis de

30.000 euros, empregárase para unha actuación nunha traída de augas.

Na sesión plenaria o grupo de goberno aproveitou para dar conta dun convenio con Vicepresidencia para unha área de xogos infantís que se ubicará, unha vez asinado o convenio, xunto ao

colexio novo. Tamén se informou aos concelleiros da intención do municipio de entrar a formar parte do Consorcio de Servizos Sociais da Xunta. O grupo de goberno tamén deu conta dun convenio para continuar co programa Pre-escolar na casa.

Mocións con polémica

O grupo de goberno que preside Jesús Ares fixo valer a súa maioría absoluta para sacar adiante dúas actuacións nas que a oposición ve un interese particular. Trátase da recuperación dun camiño en Paradela que, segundo o grupo de goberno, ocupa unha familia vencellada á concelleira socialista Cruz Bande. O independente Ferro lembrou que hai moitos camiños en dita situación, e que o que habería que facer é un inventario, ao que Ares respostou que diso non ten noticia.

A outra actuación que o grupo de goberno sacou adiante foi un estudio xurídico dun concerto sobre unha parcela en Tras do Castro, no monte de Paradela, que tamén pertence á familia de Bande.

Ferro destacou que estas dúas actuacións *veñen dunha cuestión particular, e é curioso que precisamente agora vostedes quiran saber en qué situación se atopa o contrato.*

Traballo aproba outro traballador para o plan Rede Natura de Sobrado

O PSOE de Sobrado mantivo unha xuntanza coa delegada provincial de Traballo, María Debén Alonso, na que xestionaron a incorporación dun novo traballador para o plan integral Rede Natura, para o cal, segundo indicaron os responsables socialistas, o concello xa solicitara a incorporación de dous traballadores. Segundo indicaron os socialistas, a delegada tamén os informou de que a escola obradoiro aínda está sen aprobar, e que se dará o visto bo a un axente de desenvolvemento local.

Veciños do Vilar, en Santiso, reclaman melloras nunha pista afectada por un derrumbe

Os veciños do lugar de Vilar, en Santiso, afirman estar xa cansos de reclamar melloras na pista que atravesaba a aldea, unha estrada sementada de baches e afectada por derrumes do ribazo que dá á pista cando chove. As últimas chuvias de novembro remataron cunha pena de máis de sete toneladas derrumbándose e caendo sobre a cuneta e parte da pista, ademais de esbarroar unha morea de terra que entorpece o tránsito e tapa a cuneta pola que transcorre a auga. Logo do desprendemento da mole de pedra os veciños, que lembraban que a rocha podía ter caído cando pasara calquera persoa por

debaixo, puxéronse en contacto co alcalde, Ramón Villar, para esixirlle unha solución urxente para a pista.

Logo de facer distintas xestións, os veciños afectados recibiron a axuda da pala do concello. Foi necesaria a presenza da paleadora para apartar e soterrar a pena e desbancar o ribazo para evitar novos derrumbes. A embergadura das obras requiriu que se cortase o a pista dado o barro que se xerou.

Ademais, ao soterrar a pena produciuse unha rotura das tuberías da auga da traída que fixo que unha das familias estivese durante horas sen auga.



A pista do Vilar atopábase cha de barro tralas chuvias

Logo das distintas reclamacións, dende o Concello ofreceron tamén a pala para eliminar un montículo de terra que formaba unha curva na estrada. Esta obra foi reclamada en reiteradas

ocasións polos veciños tanto ao Concello como á Concentración Parcelaria, pero non foi ata agora cando obtiveron a ansiada solución co seu acondicionamento.

A imprenta deseña e fai todo tipo de traballos de impresión en todo tipo de papel

MELIGRAF: unha imprenta que naceu en Melide en 1988

Carteis, tarxetóns de boda, almanagues, libros de festas son algúns dos seus traballos

Cando Dolores Castro Ares e o seu marido Manuel Pérez Núñez decidiron que querían montar un negocio en Melide, alá polo ano 1988, pensaron que á vila faltáballe unha imprenta. Así foi como naceu Meligraf. Trás uns primeiros anos de traballo e formación en Bilbao e de posta en marcha do negocio, Meligraf convertiuse nunha referencia dentro do sector para a comarca de Melide. Hoxe a imprenta conta con catro persoas e ten clientes de Melide e moitos outros sitios de arredores. Pero cando Dolores lembra os seus comezos conta que ela e o seu marido traballaban moitas horas para sacar adiante un negocio que moita xente aínda non coñecía. Explica como foron aumentando o volu-



A entrada do establecemento luce sempre diversas mostras do seu traballo

me do seu negocio e o da súa clientela a medida que fomos dando a coñecer á xente o noso traballo, coñecendo o que quere o noso cliente e contratando a máis persoal para poder satisfacer ese aumento de demanda.

En Meligraf traballan todo o que sexa impresión en

todo tipo de papel. No seu taller luce colgado un gran cartel de festas do ano 1991 do que gardan un bó recordo xa que foi un dos seus primeiros carteis feitos en tipografía. Son nos meses da primavera e do verán cando a imprenta está atope de traballo. A chegada das festas, das bodas e

demais celebracións fan que carteis e libros de festas, rifas, tarxetóns de boda e demais saturen de traballo a Meligraf. Despois, nos meses do Nadal, tamén hai unha forte demanda de loterías, almanagues e publicidade en xeral. Cada traballo, explica Dolores, é diferente, uns poden levar

Un proceso complexo dende o deseño á impresión final

O primeiro é o deseño. Cando alguén acude a unha imprenta ten dúas opcións: pode solicitar asesoramento para crear o deseño do que quere ou pode levalo xa feito, o seu gusto. Así o explica Dolores: *últimamente hai quen trae no seu cd ou diskete o deseño do que quere e nós simplemente o reproducimos*. Este sería o primeiro paso para o traballo da xente de Meligraf. Co deseño creado e introducido no ordenador filma-se unha película, como se fora unha película fotográfica. Deseguido, desta película sacaránse unhas planchas que son as que sirven para imprimir nas máquinas o resultado final.

moito tempo facelos e outros menos, depende moito das cores que leven e da tiraxe que pida o cliente.. O segredo do bó funcionamento do seu negocio asegura Castro que está na seriedade a hora de cumprir sempre cos seus clientes nas datas de entrega dos encargos.

O paso da tipografía ao offset

O sector da impresión non é distinto a outros e nos últimos anos tamén se viu afectado polas innovacións tecnolóxicas. Este traballo, como outros, precisa dunha actualización constante na formación para seguir o ritmo dos tempos que corren. Nestes 18 anos de vida, Meligraf coñeceu os cambios tecnolóxicos que viviu o sector. Nós comezamos a traballar en tipografía coa que había que ir letriña a letriña, era un traballo moi complicado e laborioso. Despois, desde fai aproximadamente

doceanos, eso foi quedando un pouco de lado e houbo que empezar coa informática, explica Dolores Castro.

O laborioso sistema da tipografía, no que había que colocar letra a letra para a impresión, tamén tiña algunha vantaxe fronte o sistema actual segundo a empresaria: *era un sistema co cal a marxe de ganancias era maior xa que o material era recuperable, mentres que agora non pasa igual porque temos moitos gastos de materiais polo medio*. Pero para Dolores Castro

tamén o sistema informático actual goza das súas vantaxes, entre as que destaca a rapidez no traballo e a menor laboriosidade. *As vantaxes deste sistema de agora son a velocidade coa que se traballa, coa tipografía era moito máis lento e laborioso. Un cartel grande podía levar un día facelo e agora o mellor falo en dúas ou tres horas.*

Por outra banda, a filmación das películas e o manexo das novas máquinas offset foi outro novo aprendizaxe que houbo que acometer.



O taller conta con varias máquinas de impresión

ASETEM-CCA colabora na difusión dunha nova norma de calidade para o comercio

A Cámara de Comercio de Santiago de Compostela vén de presentar a norma UNE 175001 que pretende mellorar e incentivar a calidade do servizo que se presta no pequeno e mediano comercio para conseguir a satisfacción do cliente. Para facilitar que os establecementos dispoñan deste certificado de calidade do servizo, a Cámara ofrece a posibilidade de adherirse a través da Antena Cameral de Melide e ASETEM-CCA. Segundo a Cámara de Comercio, os obxectivos que se marcan ca nova norma son fidelizar e captar novos clientes, mellorar a xestión e a competencia do persoal, mellorar a atención ó cliente e a resolución de queixas e mellorar a imaxe dos establecementos ante os clientes. Ademais, o proxecto está subvencionado nun alto porcentaxe polo IGAPE e a Cámara de

Comercio de Santiago, cal, os costes da inscrición só suporían uns 200 euros. Os comerciantes e empresarios interesados en adherirse a marca de calidade UNE 157001 deben reunir unha serie de requisitos e seguir os seguintes pasos: inscribirse no proxecto, logo, recibir asesoramento e, por último, solicitar a certificación á Cámara de Comercio. En canto aos beneficios que o comerciante obterá por disfrutar da norma, os creadores sinalan que terá unha visión obxectiva do servizo que presta no seu comercio, descubrirá qué aspectos do seu negocio son os que satisfacen ós clientes, recibirá asesoramento personalizado, desfrutará da marca de calidade comercial que o distinguirá da súa competencia, verá crementarase as vendas, e conseguirá publicidade positiva.

ASETEM-CCA presentou a nova tarxeta de fidelización para os comercios

A Asociación de Empresarios Terra de Melide Centro Comercial Aberto vén de presentar aos socios do comercio a nova tarxeta de fidelización de clientes que o colectivo está a poñer en marcha. O pasado 23 de novembro un responsable de AVA, a empresa que está a preparar a tarxeta, desprazouse ata Melide para expoñerlle aos interesados o funcionamento do sistema, así como as súas vantaxes. Máis dunha vintena de comerciantes da vila participaron na charla trasladándolle ao responsable de AVA as dúbidas que albergaban respecto do funcionamento e das vantaxes da tarxeta.

A nova tarxeta de fideliza-

ción que comezará a funcionar nos próximos meses funciona mediante un sistema de puntos. Os comerciantes adheridos á iniciativa repartirán varios milleiros de tarxetas entre os seus clientes que cada vez que fagan unha compra, pasarán a tarxeta e deste xeito, irán acumulando puntos. Os puntos que cada cliente acumule na súa conta particular serán canxeables por premios nos establecementos que participan na iniciativa. Deste xeito, os comerciantes premian a fidelidade dos seus clientes, e potencian o comercio na vila.

As tarxetas que se repartirán non serán nominais, senón que levarán unha identificación numérica. A

Industria subvencionou as bandeirolas de metacrilato

ASETEM-CCA repartiu as súas placas identificativas

Boa parte dos comercios adheridos á Asociación de Empresarios Terra de Melide- Centro Comercial Aberto xa lucen nas súas fachadas as novas placas identificativas do colectivo. Trátase de bandeirolas de metacrilato nas que loce o anagrama de ASETEM-CCA, e que serven para identificar os comercios pertencentes á asociación. Construcciones Pambre foi o encargado de colocar nas últimas semanas as primeiras placas identificativas. As bandeirolas de ASETEM-CCA son unha das actuacións que se incluían na subvención aprobada pola consellería de Innovación e Industria a través da Dirección Xeral de Comercio para a promoción do Centro Comercial Aberto posto en marcha dende ASETEM. Proximamente continuárase coa colocación das restantes bandeirolas.



As bandeirolas de ASETEM-CCA xa lucen nos comercios



Un responsable da empresa AVA explicou os tecnicismos da tarxeta de fidelización

tarxeta de fidelización que ASETEM-CCA está a impulsar é unha iniciativa pioneira en Galicia que se está desenvolvendo á ao mesmo tempo que Compostela Monumental e a Asociación de Comerciantes de Pa-

drón. Outra das vantaxes da tarxeta é que se poderá pasar tamén nos comercios destes colectivos, tendo deste xeito unha conta de puntos distinta en varias zonas. Así, se o cliente acumula puntos en Compostela

Monumental, podería canxealos polos regalos ou descontos que ofrezca este colectivo. Na vindería reunión os comerciantes decidirán a equivalencia entre os cartos que se gastan e os puntos que se entregan.

A campaña prolongarase todo decembro ata o 8 de xaneiro ***O teu centro comercial está en Melide*** repartirá 40.000 rifas

Os 47 establecementos que participan repartirán 6.250 euros

A campaña de Nadal *O teu centro comercial está en Melide*, organizada por segundo ano por ASETEM-CCA, deu comezo o un de decembro nos 47 establecementos adheridos á iniciativa. Ata o vindeiro 8 de xaneiro os comercios e locais de hostalería que participan na campaña de Nadal repartirán arredor de 40.000 rifas entre os clientes dos comercios e locais melidenses. Destas rifas extraeranse os 20 números premiados.

Este ano a campaña repartirá 6.250 euros distribuídos en 20 premios. O primeiro premio que se entregará será por valor de 1.500 euros; o segundo de 1.000 euros; repartiranse 3 premios de 500 euros, 5 de 250 euros, e 10 de 100 euros. As 20 rifas premiadas canxearáanse por cheques por valor da correspondente cantidade, que se



A campaña repartirá 6.250 euros en premios

poderán gastar nos 47 establecementos adheridos á campaña de Nadal durante os 15 días seguintes á entrega do premio.

Sorteo

O sorteo das rifas premiadas celebrarase o 9 de xaneiro na sede de ASETEM-CCA ante notario. Para facilitar que se revi-

sen os números premiados, os 47 establecementos adheridos á campaña exporán os números gañadores logo do sorteo. Os premiados deberán entregar a rifa na sede de ASETEM-CCA antes do prazo dun mes. Os agraciados recibirán o premio de mans do titular do establecemento que repartiu a rifa.

Lácteos Terra de Melide obtén un segundo premio na Cata de Queixos

A IX Cata dos Queixos de Galicia celebrada en Santiago de Compostela pechouse coa entrega dos premios saíndo galardonada cunha Distinción de prata a marca Terra de Melide, de Lácteos Terra de Melide, S.L.. A empresa melidense concurría xunto con outras doce marcas dentro da Denominación de orixe protexida Arzúa-Ulloa. Entre as participantes tamén figuraron outros representantes da comarca de Melide como S.A.T "O Brexeo", de Sobrado, e José Varela Segade, de Santiso.

O concurso contou con 48 queixos participantes.

A sede de ASETEM-CCA acolle o día 14 unha charla coloquio sobre políticas de emprego

O vindeiro día 14 a sede da Asociación de Empresarios Terra de Melide-Centro Comercial Aberto acollerá unha charla coloquio aberta na que participarán distintos responsables a nivel autonómico para abordar cuestións vencelladas ás políticas de emprego. A primeira das ponencias, que comezará ás 21.00 horas correrá a cargo de Pedro Blanco Loberias, membro do gabinete da Consellería de Traballo. Blanco aobrdará *Políticas de promoción de emprego (Axudas económicas) da Xunta de Galicia*. José Posse Mesuras, director provincial do INEM será o encargado da segunda das charlas, expoñendo *O papel do INEM na contratación*.

Outro dos ponentes que se

trasladará a Melide para a conferencia é Juan Fernández Fernández, Director de Responsabilidade Corporativa do Grupo Aluminios Cortizo. Fernández abordará a *Repercusión das políticas de emprego no mundo empresarial*.

A última das ponencias da charla coloquio correrá a cargo de David Barrio Sesto, sindicalista, que exporá aos participantes a *Situación Socio-Laboral da comarca de Melide*.

A xornada sobre políticas de emprego celebrarase na sede da Asociación de Empresarios Terra de Melide-Centro Comercial Aberto. As charlas sobre Políticas de Emprego están abertas a todo o público que desexe asistir. Comezarán ás 21 horas.

O programa de accións formativas de ASETEM-CCA reanúdase en xaneiro

Como en ocasións anteriores, ASETEM-CCA colabora, xunto ca Confederación de Empresarios da Coruña (CEC), na realización do novo plan de formación continua 2006-2007 que aposta polo desenvolvemento e mellora dos profesionais do sector empresarial da bisbarra. Desta volta, a oferta formativa que se presenta iniciárase o 12 de xaneiro co curso: a *actualización do entorno Financiero Contable da empresa*. Os asistentes entregaráselles o manual "Reforma Laboral de 2006" da editorial Lex Nova. Ademais deste tamén se impartirán os

seguintes cursos: a *actualización do entorno Xurídico Laboral da empresa*, *Internet da empresa: optimización de buscadores*, e a *Atención Comercial por teféfono*. Cada ún deles terá unha duración de 20 horas e están dirixidos a traballadores en activo, por conta allea ou autónomos, que deben acreditar esa condición. Ademais, a matrícula sae de balde ó estaren subvencionados pola Consellería de Traballo e o Fondo Social Europeo. O prazo para facela inscrición comezará en decembro. Os interesados poden acudir o local de ASETEM-CCA.

O novo estatuto do autónomo abordouse nunha conferencia celebrada en ASETEM-CCA



O presidente da Federación de autónomos de Galicia (FEAGA), Paulino Franco, informou o pasado 10 de novembro no local da ASETEM-CCA do anteproxecto de lei de estatuto dos traballadores autónomos. Franco amosou a súa satisfacción porque, grazas o acordo que se acadou co Ministerio sobre o contido da futura lei, o documento inclúe as reivindicacións recollidas polas diferentes asociacións de autónomos de España. Tamén explicou que o novo documento *presen-*

tarase, en breve, no Congreso dos Deputados para ser aprobado.

Os asistentes tamén puideron escoitar a charla, organizada pola FEAGA, sobre sensibilización dos autónomos no ámbito da Industria, o Desenvolvemento e a Innovación. O obxectivo foi informar ao pequeno empresario das vantaxes de aplicar tecnoloxía para competir cá gran empresa. Sobre isto resaltouse que a mellor adaptación ao cliente é a arma da que dispoñen as pequenas empresas para facer fronte ás grandes.

Os escolares melidenses deseñarán a felicitación de Nadal oficial do Concello

O Concello de Melide convocou, por primeira vez, un concurso de postais de Nadal. O certame está aberto aos escolares de todos os centros melidenses, e busca premiar a calidade, creatividade e orixinalidade dos rapaces. O deseño da postal é libre, e deberá incluír algún desexo ou algunha mensaxe para o ano 2007 escrita en lingua galega. Os participantes no certame distribuiranse en tres grupos, un de educación infantil, outro de primaria, e un terceiro de secundaria e bacharalato, cun premio para cada un deles. En total repartíranse 600 euros en premios

en material deportivo e escolar. O gañador de educación infantil recibirá 100 eu-ros, 200 o galardoado de educación primaria, e 300 o de secundaria e bacharalato.

Unha das tres postais gañadoras do certame será a elixida para imprimir como felicitación oficial do Concello de Melide.

O prazo para que os participantes presenten o seu deseño no departamento de Cultura do Concello de Melide remata o cinco de decembro. O fallo do xurado darase a coñecer o 20 de decembro ás 19.00 horas no edificio multiusos.

Os afeccionados os cogomelos teñen unha nova asociación micolóxica en Melide

Os interesados nos fungos da área de Terra de Melide e de comarcas próximas teñen a partir de agora un novo referente: Cogomelide. A nova asociación, que naceu apadriñada pola Asociación de Troiteiros Río Furelos, ten como obxectivos a divulgación do mundo dos cogomelos a través de diversas actividades e iniciativas.

Actividades

No seu nacemento Cogomelide programou unha serie de actividades que servisen de primeira toma de contacto co produto. Primeiro tiveron lugar unha serie de saídas de campo na que se recolleron diferentes especies. Con estas fíxose unha exposición no centro multiusos de Melide na que os visi-

tantes puideron identificar e clasificar os diferentes fungos segundo a súa comestibilidade e valor culinario. Por outra banda celebrouse unha conferencia a cargo do presidente da asociación e experto micólogo, Óscar LUGRÍS Beteta. Éste declarou que a idea da creación de Cogomeli de era *encher o baleiro de coñecementos que existe neste eido na nosa comarca*. LUGRÍS tamén explicou que son as suaves temperaturas e as altas precipitacións as características climatolóxicas que fan do outono a mellor época para a recolleita e degustación deste produto. Finalmente, as actividades remataron cunha degustación de receitas cos cogomelos como fundamento.

Adicouse a Antonio García Mourelle, párroco da vila

Once formacións participaron na XVII Semana da Música

A Coral Polifónica, organizadora do certame, pechou as actuacións

Coincidindo coa celebración de Santa Cecilia, patrona dos músicos, celebrouse en Melide a XVII edición da Semana da Música organizada pola Coral Polifónica de Melide. Un total de once formacións, todas da Terra de Melide, participaron no certame que este ano adicaron a Antonio García Mourelle, párroco de Melide.

O programa desta edición deu comezo coa actuación do grupo de gaitas A Maristela que encheu de sons tradicionais a Igrexa parroquial de Melide, escenario de todas as actuacións. O segundo grupo en actuar foi a Coral Polifónica de Santiso. Os gaiteiros Froito Novo, de Melide tamén participaron ao igual que a Banda de Música de Visantoña e o grupo de gai-



O certame adicouselle ao párroco de Melide

tas Os Melidaos. A formación actuou o venres 24 interpretando varias pezas ás que seguiron os sons populares da Banda de Música de Melide. A Agrupación Folclórica Castelo de Melide tampouco deixou de participar na Semana da Música, coa que tamén colaboraron o Grupo Troito de Melide, e a Escola de Gaita e Percusión Galegas Axóuxere. Tamén actuou o grupo de Catequese parroquial de Melide que interpretou

varias pezas e a Coral Polifónica de Melide, organizadora do certame. Na última xornada do certame rendeu unha sentida homenaxe a Antonio García Mourelle, párroco de Melide, ao que os participantes fixeron entrega de varios agasallos nun emocionado acto no que se fixo repaso da súa vida. O protagonista acertou a dicir que *esto é o mellor que lle pode pasar a calquera persoa*, e cualificou o día como *grande e inolvidable*.

Homenaxe aos máis veteranos da Banda de Música de Visantoña

A Banda de Música de Visantoña celebrou a festividade de Santa Cecilia homenaxeando aos dous membros máis veteranos da formación. Ramón Pintor e Manuel Adán recibiron o recoñecemento dos máis de 200 socios que integran a Asociación Cultural Banda Escola de Música de Visantoña.

Os actos deron comezo cun acto na Igrexa parroquial de Visantoña no que participaron a Banda e o Coro, e ao que seguiu un concerto da formación e un



A Banda homenaxeou a Ramón Pintor e Manuel Adán

xantar de confraternidade no Pazo de Vilar de Ferreiros. Entre os asistentes atopábase Eugenio Pazos, director perpetuo da Banda

de Visantoña e avó, ao igual ca un dos homenaxeados, de Uxío Pazos Pintor, actual director da formación.

Voz ao vento honrou o Terra de Melide

A obra do Seminario de Estudos Galegos foi homenaxeada por medio dunha revista oral

Lorena García Calvo
Melide

O *Terra de Melide*, a obra que no 1933 editou o Seminario de Estudos Galegos sobre a comarca melidense, foi homenaxeada o pasado 11 de novembro nun acto no que se esmiuzou parte do texto honrado a través da revista oral *Voz ao vento*. O acto, enmarcado na *Semana da lieteratura de tradición oral* estivo organizado pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, dependente da Consellería de Cultura e Deporte, en colaboración coa Asociación cultural Terra de Melide.

A voz da cantante Ugía Pedreira e a zanfona de Óscar Fernández serviron de entrada e acompañamento á revista oral sobre o *Terra de Melide*. A presentación do acto correu a cargo de Paco Veiga, que ilustrou con palabras o contexto histórico no que comezou a traballar e se desenvolveu o Seminario de Estudos Galegos e o propio *Terra de Melide*. Veiga fixo mención do traballo de campo que xente como Otero Pedrayo, Risco, Cuevillas, Fraguas ou Cotarelo Valledor fixeron na comarca melidense e que tivo os

seus froitos na obra editada por Ánxel Casal. Na súa exposición, Paco Veiga lembrou a figura de Antón Taboada Roca, o que fora boticario de Melide, e ao que cualificou como *o máis grande xenealoxista de España*, lembrando verbas de Borobó. Veiga fíxose eco na súa intervención da crenza popular que atribue a Taboada Roca boa parte da culpa de que o Seminario de Estudos Galegos iniciase con Melide a que pretendía ser unha serie de monografías das bisbarras galegas.

Intervintes

Unha ducia de persoas prestaron a súa voz á homenaxe tributada ao Terra de Melide. Gloria Rodríguez e alumnado do IES de Melide foron os encargados de analizar os lugares que percorre o *Terra de Melide*, así como a figura de Antón de Ulloa, un dos principais informadores de Amador Rodríguez e Vicente Risco na súa recolleita de contidos pola comarca.

O propio *Terra de Melide* soou tamén na capela de San Antón a través das voces de Manuel Souto Vázquez e alumnas do IES



Paco Veiga foi o encargado de introducir aos asistentes na razón de ser do *Terra de Melide*

de Melide, que verbalizaron dúas das lendas plasmadas na obra. Pola súa banda, Luísa Martínez Vidal foi a encargada de dar pé á dramatización que catro alumnos do CEIP Pastor Barral fixeron de dous contos dialogados.

Terra de Melide

A última das intervencións da noite correu a cargo de Xosé Domingos Fuciños, presiddente da asociación

cultural Terra de Melide. Mingos expuxo a labor do colectivo dende o seu nacemento, e ratificou o compromiso da asociación *con Galiza e coa súa cultura*. Aproveitando a posibilidade dada ao público para intervir, Fuciños animou á Consellería de Cultura a que, de ser preciso, axude a financiar unha nova edición do Terra de Melide.

Antes de poñer punto e final ao acto de homenaxe,

que convocou a preto dun cento de persoas na capela melidense, Xosé Domingos Fuciños entregou aos participantes máis novos, en nome da Consellería de Cultura, un agasallo composto por varios libros. O remate da revista oral naque veciños da comarca renderon tributo ao *Terra de Melide* concluiu cunha nova actuación de Ugía Pedreira e Óscar Fernández.

A Fundación acolleu unha charla sobre a loita pola terra en América Latina

A Fundación Enxebre de Melide foi o lugar escollido pola ONG Amarante para celebrar unha charla sobre a loita pola terra en América Latina. Coa colaboración do Sindicato Labrego Galego e a Fundación, a ONG citou en Melide a Edvar Lavriatti, responsable do movemento Sem Terra de Sao Paulo, en Brasil, e a Luís Martínez, produtor de comercio xusto da Comunidade Indíxenas de México.

Arredor de medio cento de

persoas asistiron á charla na que os oradores reflexionaron sobre a necesidade de acurtar distancias entre produtor e consumidor para evitar a intermediación das grandes multinacionais e favorecer o comercio xusto. Martínez expuxo o traballo que as Comunidades Indíxenas de México están a facer para potenciar un comercio máis igulalitario no que os produtores cheguen a obter un nivel de beneficios próximo ao 25%, e non o 10% co que

se quedan coa intermediación das multinacionais. Martínez explicou tamén a loita pola introdución da muller no sistema de desenvolvemento cooperativista que están a poñer en marcha, e que tenta acabar coa exclusión laboral da muller indíxena.

Pola súa banda Edvar Lavriatti abordou a situación actual do movemento Sen Terra en Brasil e contextualizou historicamente a loita que os traballadores rurais iniciaron para conse-



Luís Martínez, á dereita, expuxo a problemática mexicana

guir a ansiada reforma agraria, unha loita na que continúan hoxe en día.

Lavratti insistiu na necesidade de facer fronte ás grandes multinacionais.

Asociación cultural "TERRA DE MELIDE" 30 aniversario de traballo a prol da cultura e de Galiza (1976-2006)

XOSÉ DOMINGOS FUCIÑOS

Aínda que a acta fundacional consta oficialmente, en data 7 de Xaneiro de 1977, a Asociación foi constituída no Salón Parroquial da vila de Melide, oficiosamente en Decembro de 1976.

A Comisión Xestora, na data citada anteriormente, anteriormente, acorda por unanimidade, denominar a Asociación Cultural co nome "TERRA DE MELIDE" (en referencia a Bisbarra e ó libro "Terra de Melide"-1933).

Os membros fundadores eramos xóvenes , procedentes do Centro Cultural CIRE, Teleclub "PRIORADA" e o grupo "FROITONOVO".

A primeira Xunta Directiva foi: Presidente-Xosé Ignacio Parrado Garea; Vicepresidenta-Rosa Penas

Orois; Secretario-Xosé Domingos Fuciños Gómez; Tesoureira-Xulia Quintanilla Cayón; Vogais- María Aurora García Somoza, Enrique Broz Rey, Dolores Primo Barja, Fernando Núñez Lago, Dolores Fidalgo López e Mantel Anxo Rodríguez.

No 1977, o 20 de Xaneiro, preséntase a documentación no Goberno Civil da Coruña, en instancia asinada polos nosos amigos Xosé Ignacio parra-do Garea, M^a Luz Pérez Ariase Rosa Penas Orois; fomos legalizados o 29 de Marzo de 1977 co nº 377 no rexistro do Goberno Civil.

ACTIVIDADES:

.-Recuperación Festa do



Inauguración Rúa D. Eduardo Álvarez Carballido

Entroido (1977).

.-Letras Galegas-Concursos. Colaboración actividades.

.-Normalización Nomenclator Tradicional e toponimia lugares e parroquias.

.-Primeira tentativa dun

coro en Melide co Padre Odilo (Pasionista).

.-Apoio a creación do "Museo da Terra de Melide".

.-Teatro.

.-Festivales de música.

.-Colaboración museo "Te-

rra de Melide".

.-Festa Popular da Montaña (loita ponte Loño-Beigondo).

.-Estudos en col da situación educativa da bisbarra "Terra de Melide" de cara F.P (Formación Profesional).

.-Recuperación da festa de San Pedro-Patrón de Melide.

.-Arranxos Ponte Furelos (con trisquele)

.-Rúa Segade Bugueiro.

.-Etc., etc., e moitas cousas máis.

A Asociación Cultural "Terra de Melide" é un referente da cultura na Terra de Melide.

Por outra vanda a D. Antonio G^a Mourelle o noso agradecemento pola súa colaboración conozco.

Presentan en Nova Iorque a revista American Pilgrim

S.A DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO

A Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo mantén abertos varios acordos de colaboración con colectivos e entidades norteamericanas para impulsar e promocionar a tradición xacobeana nos Estados Unidos.

O Xacobeo traballa na actualidade en tres proxectos concretos no país norteamericano. Entre estes proxectos está a colaboración permanente co profesor medievalista George Greenia, editor da revista American Pilgrim; outro é o convenio coa Universidade de California- Los Ángeles para desenvolver o proxecto de recreación virtual da Catedral de Santiago. O Xacobeo participará tamén no Congreso Internacional de Estudos Medievais que organiza a Western Michigan University, co obxectivo de difundir os valores universais do Xacobeo.

George Greenia é especialista en historia e literatura medieval do College William and Mari de Williamsburg (En Virginia). Greenia é o responsable da publicación American Pilgrim, unha revista que actúa de ponte de unión entre os peregrinos dos Estados Unidos e que serve de instrumento de comunicación no que relatan as súas experiencias no Camiño de Santiago. Segundo o prestixioso profesor, American Pilgrim ten como misión *facen perdurables no tempo as tradicións do Camiño, alentando e estimulando aos camiñantes*. American Pilgrim é, ademais, dunha revista, un punto de encontro, unha asociación de amigos do Camiño.

Representantes da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo asistirán en marzo do vindeiro ano a unha das reu-

niós anuais que organiza American Pilgrim. A publicación da revista é semestral e cada ano Greenia organiza un encontro entre os integrantes da asociación. En marzo celebrarase en Williamsburg para abordar o tema das Peregrinacións cara América. O evento estará acompañado de actuacións de música medieval, conferencias sobre a saúde e as condicións físicas dos peregrinos, a espiritualidade no Camiño e as peregrinacións como fenómeno social.

Outras colaboracións

Para potenciar a proxección do fenómeno Xacobeo nos Estados Unidos, a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo participará tamén en maio en Kalamazoo (Michigan) na 42 edición do Congreso Internacional de Estudos Medievais. Así mesmo,



Xacobeo quiere achegar a EEUU a ruta a Compostela

mantense a colaboración establecida este ano coa Universidade de California- Los Ángeles para continuar apoiando a investigación que permitirá recuperar nun proxecto virtual o aspecto orixinal románico que tiña a Catedral de Santiago no 1211. O Xacobeo realizou o pasado mes de xullo no mosteiro de San Martiño Pinario unha pro-

xección do estado actual do proxecto na que se puideron observar diversas imaxes en tres dimensións da catedral románico-progótica. Técnicos do Xacobeo colaboran coa Universidade de UCLA no proxecto que dirixe o profesor John Dagenais asesorando ao equipo de investigación con diversos estudos e documentación.

O IES de Melide establece contactos en Europa en diferentes fronts

I.E.S. MELIDE

Durante os últimos anos, o IES de Melide leva desenvolvidos varios proxectos europeos en cooperación con diversos países. Neste tipo de proxectos, a partir duns obxectivos comúns, os membros asociados establecen lazos para intercambiar ideas e plasmalas en actividades nos lugares de orixe.

No presente curso académico, o IES está a aumentar a súa experiencia nestes eidos. Recentemente, dous profesores do Ciclo de Madeira realizaron unha estadía formativa en Suecia dun mes de duración. Nela puideron coñecer a fondo o sistema educativo do país así como a dinámica dun centro, adquirindo coñecementos que posteriormente reverterán na práctica diaria das aulas.

Na semana do 27 de novembro, outros dous profesores viaxarán a Italia e Bulgaria co fin de participar en sendos Seminarios de Contacto. Alí buscarán socios para poñer en mar-

cha as propostas de proxecto. A idea que se presentará en Venecia (Italia), consiste nun achegamento a Europa a través do cómic, e está pensada para traballar con alumnado de secundaria. En Veliko Turnovo (Bulgaria), preséntase un proxecto que xira entorno á recuperación do patrimonio lúdico europeo, destinado neste caso ao alumnado adulto.

No que fai referencia especificamente a esta última iniciativa, ao intento do IES de Melide por atopar socios para desenvolver un proxecto de recuperación do patrimonio lúdico europeo a través da educación das persoas adultas, a batería de actividades que propoñerá o representante do IES Melide en Bulgaria, serán entre outras as seguintes:

1. Actividades de investigación (nas súas fases de deseño dunha ficha de traballo, estruturación do material recompilado, e divulgación do mesmo) do

patrimonio lúdico das zonas participantes no proxecto.

2. Creación e desenvolvemento dunha páxina web mantida entre os socios, como un medio de divulgación de toda a información que vaia xerando o propio proxecto, a través de foro, chat, novas, etc.

3. Convocatoria de Encontros de Xogos de Persoas Adultas, con representantes de todas as zonas participantes no proxecto.

4. Actividades de preparación da contorna de cada socio (espazos, xoguetes, confección/recuperación de regulamentos/normas de xogo...)

5. Estudo comparativo dos xogos tradicionais de todas as zonas participantes no proxecto.

6. Actividades para aproveitar o potencial dos xogos dentro do currículo da Educación de Persoas Adultas, caso do que se pode facer en Educación Física, na Literatura (na de tradición oral, por exem-



Tres mestres e un alumno do IES acudiron a Suecia

plo), na Música, e un longuísimos etcétera.

7. Traballos a desenvolver non só con estudantes adultos, senón, talvez, con anciáns, drogodependentes, persoas presas... De feito, non só se van establecer contactos con centro educativos, senón con calquera tipo de institucións que traballen con persoas adultas (tal é así que xa se ten establecido contacto co persoal dun cárcere de

Badaxoz). Falamos de xogos a través da aprendizaxe (para estudantes adultos), xogos para recuperar facultades (véxase anciáns con alzheimer, por dicir un exemplo), etc.

8. Elaboración de material de difusión (trípticos, folletos, e materiais software).

9. Realización dun documental sobre toda esta experiencia, a modo de proxecto final.

Quen quere un día da muller?

VANESSA MARTÍNEZ

Mulleres que espertan cada día coa arela de compracer. Mulleres que cociñan e varren, que dobran a roupa, que fan biscoitos, que dan ás vacas, que agardan a que os homes lles vomiten o seu mal humor.

Mulleres que despachan detrás dun mostrador baixo o ollar agresivo e violento dun xefe.

Mulleres que traballan nunha explotación gandeira que está a nome do home e que só ten de certo o de explotación.

Mulleres que visten aos fillos, que lles dan de comer, que lles dan unha azouta, que os meten na cama. Soas.

Mulleres que andan diario a correr, mulleres que choran e rin e sofren e gozan. Case

sempre soas aínda que durante o día falen con ducias de persoas. Mulleres que deitan aos avós, que lles cambian a roupa, que os afeitan, que lles poñen os cueiros, que lles calan as impertinencias.

Mulleres que non teñen tempo para subir a uns tacóns, mulleres que aproveitan a roupa das sogras, mulleres que miran ás súas fillas co brillo nos



ollos e co desexo de que cheguen a onde elas non chegaron nunca.

Mulleres que calan a conversa aínda sabendo que levan razón, porque non

queren discutir máis.

Mulleres que non entenden os silencios, cando o que precisan é falar e compartir.

Mulleres nas que aniña a escuridade dun silencio que nunca romperán porque non queren que se rían delas.

Mulleres que asenten e

sorrín aínda que non estean de acordo porque están cheas de malas palabras.

Mulleres que piden permiso para comprar unhas

medias, ou que reciben un ollar de desprezo cando pintan os labios.

Mulleres fartas de retirarse cando na conversa hai varios homes porque notan que están demais.

Mulleres que abrazan forte contra si aos seus bebés coa esperanza de facerlles un sitio mellor ca o que elas ocupan.

Mulleres que non deciden porque por riba da súa decisión haberá sempre outra, que será a que se tome.

Mulleres que o preparan todo, que enchen as familias de risas, que enchen as reunións de maxia, que enchen as festas de luz, e que nunca aparecen nos agradecementos.

Mulleres galegas.

Teléfonos de
interese

Autobuses

Actos

URXENCIAS	Polideportivo
UrxenciasSanitarias.....061	981507752
Bombeiros.....080	Centro Social da 3ª Idade
Incencios Forestais.....085	981505706
Policía Municipal	Parada de Taxis
Urxencias.....092	981505390
Melide.....981505003	Albergue Xuvenil
Policía Nacional091	981507412
Garda Civil	Albergue do Peregrino
Urxencias.....062	660396822
Melide.....981505007	Centro Ocupacional
S.O.S	981505003
S.O.S Galicia.....112	A.S.E.T.E.M
Protec.Civil.....670498848	981506188
	Fundación Terra de Melide
	981507244
TRANSPORTES	I.E.S. de Melide
Renfe	981505162
Nacional.....902240202	C.E.I.P nº1.....981505238
A Coruña	C.E.I.P nº2.....981505929
Santiago	Gardería.....981505003
Autobuses	U.A.F. de Melide
A Coruña.....981239099	981 507742
Santiago.....981542416	
Melide.....981505204	
Aeropostos	SANTISO
A Coruña.....981187200	Casa do Concello
Santiago.....981547500	981818501
Vigo.....986268200	Centro de Saúde
	Agrochao.....981517803
	Visantoña.....981510749
SERVIZOS E INSTITUCIÓNS	Xulgado de Paz
Atención ao cidadán	981 818501
981120012	
Valedor do pobo	SOBRADO
981571900	Casa do Concello
Economía facenda	981787508
981545151	Desenvolvemento local
Industria e Comercio	981787508
981544341	Centro de Saúde
Sevizo Galego Colocación	981787744
981125000	Mosteiro de Sobrado
Teléfono da Muller	981787509
900400273	Xulgado de Paz
Teléfono do Menor	981787508
900444222	
Dirección Xeral de Tráfico	TOQUES
900125505	Casa do Concello
Correos.....902197197	981505826
Auga.....981242322	Centro de Saúde
Electricidade.....981147200	981507301
Gas.....900760760	Xulgado de Paz
	981505826
MELIDE	
Casa do Concello	
981505003	
Centro de Saúde	
981506176	
Servizos Sociais	
981505012	
Consevatorio	
981507100	

MELIDE - A CORUÑA	MELIDE - SANTIAGO
De luns a venres:	De luns a venres:
9.30, 13.15, 17.00, 20.45,	6.45, 7.50, 10.15, 11.55,
Sábados:	14.05, 14.40 (per. lectivo),
9.30, 13.15, 17.00, 20.45	15.25, 17.50, 20.20
Domingos e Festivos:	Sábados:
9.30, 17.00, 20.15, 20.45,	7.50, 10.15, 11.55, 15.25,
22.30	17.50
Parada fronte á	Domingos e festivos:
Cafetería Marta	7.50, 11.55, 15.25, 17.50,
A CORUÑA - MELIDE	20.20
De luns a Venres:	Parada fronte á Pizzería
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	Xoldra
Sábado:	MELIDE - LUGO
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	De luns a venres:
Domingos e Festivos:	7.55, 10.10, 11.55, 13.35,
8.00, 11.30, 15.30, 17.00,	16.05, 16.55, 19.25,
19.00	20.50, 21.50 (só venres
MELIDE - FERROL	lectivos)
De luns a venres:	Sábados:
Non hai liña	7.55, 11.55, 13.35, 16.55,
Sábados:	19.25
19.15	Domingos e festivos:
Domingos e Festivos:	7.55, 11.55, 16.55, 19.25,
19.15	20.50
Parada fronte á	Parada fronte ao antigo
Cafetería Marta	bar Capitol.
FERROL - MELIDE	TOQUES - MELIDE
De luns a venres:	(Folladela-Fondevila)
Non hai liña	Luns a venres laborables:
Sábados:	Saída de Fondevila: 10.20
10.30	Saída de Melide: 12.30
Domingos e festivos:	Domingos excepto último
17.00	de mes:
MELIDE - OURENSE	Saída de Fondevila: 8.15
De luns a venres:	e 11.00
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	Saída de Melide: 13.00
Sábados:	Último domingo de mes:
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	Saída de Fondevila: 7.45
Domingos e festivos:	Saída de Melide: 13.00 e
9.30, 12.30, 17.00, 19.00,	14.00
20,00	MELIDE - TOQUES
Parada fronte á	(Fondevila-Folladela)
Cafetería Marta	Martes e venres lab-
OURENSE - MELIDE	orables:
De luns a venres:	Saída de Folladela: 8.30
8.00, 12.00, 15.30, 19.15	Saída de Melide: 12.30
Sábados:	Domingos excepto último
8.00, 12.00, 15.30, 18.00,	de mes:
19,15	Saída de Folladela: 8.40
Domingos e Festivos:	Saída de Melide 13.00
9.30, 15.30, 18.00, 19.15,	Último domingo de mes:
21.00	Saída de Folladela: 8.30
	Saída de Melide: 13.00 e
	14.00

DECEMBRO
-Celebración da II Feira do Automóbil no Pazo de Congresos e Exposicións de Melide.
-Martes 5: A pedir de Milkhouse no pub Gatos.
Xoves 7: ITH no pub Gatos.
-Presentación do libro da obra gañadora do V Certame de creación literaria Terra de Melide.
-Celebración do campionato de tute no centro social.
-Concerto de panxoliñas: coral polifónica de Melide na igreza parroquial.
-Venres 15: Tío James no pub Gatos.
-Xoves 21: sorteo dunha cesta de nadal e baile no centro social.
-Concerto de Nadal da Orquestra Sinfónica de Melide ás 21.00 horas na igrexa parroquial.
-Venres 22: ata o 5 de xaneiro haberá unha pista de patinaxe sobre xeo, cars, talleres diversos e actividades no Pazo de Congresos de Melide.
- Son do Galpón no gatos.
-Sábado 23: concerto de Nadal da Orquestra Sinfónica de Melide ás 21.00 horas na igrexa parroquial.
-Domingo 24: baile e degustación de produtos típicos do Nadal no centro social.
-Venres 29: Bang 74 no pub Gatos.

JOSÉ RAMON VILLAMOR, DE XOIERÍA ORO LEY

Á xente gústalle a exclusividade nas xoias que lucen

En cinco anos a Xoiería Oro Ley convertiu-se nun referente para os apasionados destes materiais. Para José R. Villamor unha xoia

segue a ser un dos mellores agasallos que se poden facer. E estamos nas datas apropiadas para tomar nota do seu consello.

Cando a José Ramón Villamor se lle pregunta cando abriu o seu negocio, responde coma se fose a data do seu cumpleaños: o 17 de xuño de 2001. Nunha pequena charla con él descubrimos os segredos do mundo das xoias.

-Que che levou a abrir unha xoiería?

Xa o tiña claro porque teño experiencia neste gremio xa que traballei desde os 19 aos 23 anos nunha empresa que vendía mercancia a tendas de toda Galicia e o norte de España.

-O sector da xoiería é complicado?

Si, penso que si. Eu aconsellaría a quen pense en abrir un negocio coma este que se instrúa ben antes porque a experiencia e a formación son fundamentais para mo verse ben neste sector.

-Hai que facer unha gran inversión para abrir unha tenda como esta?

Penso que sí. Hai que mercar moita mercancia, moverse moito e ter en conta que é un negocio moi variante xa que o ouro é como o petróleo, e cotiza e varía o seu valor tódolos días.

-Isto, imaxino, que inflúe moito na rendabilidade do negocio?

Claro, é o que máis inflúe. Ti hoxe podes mercar un material que mañá se devalúe un 10% ou incluso máis, ou a inversa. Por iso para moverte ben neste mercado tes que ter experiencia, saber cando é un bo momento para mercar. Saber comprar ben é fundamental nisto.

-Qué pode atopar ún na vosa tenda?

Todo tipo de peza de xoiería en ouro e en prata. Complementos en prata,



José Ramón Villamor na súa Xoiería.

marcos, chupitos con botellas, cristal con prata, reloxos... Pero sobretudo en ouro porque é o material que eu máis coñezo pola miña experiencia e porque o sei tratar artesanalmente.

-Tes taller propio, qué fas nel?

Fago pezas propias e outras que me encargan clientes. Hai clientes que me traen unha foto ou imaxe dunha peza que lles gusta e eu fágolla.

Como agasallo o ouro é unha boa inversión e ademais soe gustar a todo o mundo

Outras veces fíanse do meu criterio e simplemente encarganme que lles faga cun deseño exclusivo unha alianza, por exemplo.

-Hai moita demanda de pezas de xoiería exclusivas?

Si, hai moita xente a que lle gusta a exclusividade nas xoias que lucen, sobretudo nas alianzas. A xente está un pouco cansa de mirar tantos modelos semellantes

e ver que todo o mundo ten aneis iguais, prefíren ter algo distinto. Eu elaboroos artesanalmente e son exclusivos porque o que fai a man humana é incapaz de reproducilo idéntico a máquina.

-O mundo da xoiería tamén está sometido a fluctuacións de vendas o longo do ano?

Sí. Temos varios picos de venda o longo do ano: no

nadal e reis, co S a n Valentín, co Día da

naí, e tamén no verán porque hai moita xente, ademais de ser unha época que se presta moito a lucir máis as xoias.

-É Melide un bo sitio para este negocio?

Si o é. Eu estou contento. Pero hai que ter en conta que este non é o mesmo negocio que fai vinte ou trinta anos cando se facían moitos cartos. Agora é dis-

tinto, non se fan grandes fortunas, simplemente dá para vivir.

-Cambiou moito o sector nos últimos anos?

Si. Agora o mercado está máis masificado, ademais a xente tiña outra mentalidade, un velliño de agora pódeche contar que os seus primeiros cartos eran para mercar un bo relox, agora os primeiros cartos dun rapaz van para outras cousas, como tunear o coche ou algo así. Tamén é certo que antes non había tanta oferta para o consumidor, non había móbiles, videoconsolas, dvd's... e a xoiería estaba aí como unha inversión moi segura, que non perde o seu valor o día seguinte de mercala.

-Agora que chega o nadal e os reis que xoia aconsellarías a xente?

Eu aconsello calquera peza en ouro porque é unha boa inversión e ademais case sempre lle gusta a todo o mundo.

As tendencias mandan menos no mundo das xoias que noutros sectores

As modas no mundo das xoias levan outro ritmo. Estamos acostumados a ver cambiar as tendencias na roupa ou noutros artigos de consumo con gran velocidade pero esto non se produce nas xoias. Como nos conta José Ramón Villamor, *é certo que existen certas tendencias novas como o ouro branco, algunha determinada pedra de cor, como o coral e outras, que se veñen a engadir os tradicionais esmeralda, zafiro e rubí, pero a velocidade con que evolucionan estas modas non se pode comparar coa que se imponen noutros sectores como o da roupa e complementos. As tendencias no ouro e na prata son moito máis duradeiras porque, entre outras cousas, existe moito menos consumo. Quizáis, engade Villamor, na prata inflúen algo máis as modas, ao igual que nos reloxos, pero no ouro séguense a vender as mesmas pezas clásicas que fai vinte ou trinta anos, e seguirán a venderse.*

Preferencias

Cando se lle pregunta a José Ramón Villamor si é certo que a xente xoven prefere pezas de prata e a maior decántase polo ouro a resposta é clara: *Iso é un mito. Nós temos clientes de tódalas idades que mercan e lucen ouro. O que sí é certo, explica Villamor, é que se está a dar unha nova tendencia a que a xente nova merque máis ouro branco, pero isto tampouco está a mermar a venda de pezas de ouro. Parece claro, porén, que as xoias nunca pasan de moda.*

Editorial	P2	Cultura e lecer	P18
Opinión	P3	Colaboracións	P20
Melide	P4	Axenda	P22
Comarcas	P10	A entrevista do mes	P23
Empresa e comercio	P15		

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE- CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.S.E.T.E.M- C.C.A.).
Nº22. 1 de decembro -1 de xaneiro de 2006. Distribución gratuíta. Tamén en internet: www.asetem.com

VENTA DE PISOS TOTALMENTE TERMINADOS (Junto Cuartel de la Guardia Civil) EN MELIDE

El edificio tiene ascensor desde
las plazas de garaje a los pisos

TELEFONO: 606876734

Puede ver los planos en la página
web (www.ferroasesores.com)

En el precio está incluida la plaza
de garaje y el trastero

(Precios vigentes hasta 31 de diciembre de 2006)

PISO PRIMERO C.....81.136 EUROS(13,5 millones) 82,05m²

PISO PRIMERO E.....72.121EUROS(12 millones)74,35m²

DUPLEX:

PISO SEGUNDO A.....90.152EUROS(15 millones)102m²

PISO SEGUNDO C.....102.172EUROS(17 millones)117,05m²

PISO SEGUNDO E.....81.136EUROS(13,5 millones)89,25m²

PISO SEGUNDO G.....93.157EUROS(15,5 millones)101,8m²

PISO SEGUNDO M.....75.127EUROS(12,5 millones)76,08m²

PISO PRIMERO D.....75.126EUROS(12,5millones)83m²

PISO SEGUNDO B.....78.132EUROS(13millones)80,25m²

PISO SEGUNDO D.....102.172EUROS(17millones)114,05m²

PISO SEGUNDO F.....90.152EUROS(15 millones)102,4m²

PISO SEGUNDO J.....72.121EUROS(12 millones)80,20m²


PISO SEGUNDO N.....87.147EUROS(14,5millones)96,1m²



CANTERAS DEL ARENAL CANTERAS DE RICHINOL



ARIDOS Y EXCAVACIONES



[C/ Arenal, Nº 64 . Entreplanta Izquierda - LALÍN]
[Teléfono: 986 78 71 02 Fax: 986 78 74 12]
[E-mail: arenal@canterasare.com]

